

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en substitución da ordinaria de agosto, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

12 de setembro de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e trinta minutos do día doce de setembro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8470.- ACTA ANTERIOR

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/zaHIV3tWopzkDBw01Si3Rblor9nA4creq2qumK5wuQrNOCexL>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 31 de xullo.

a) Parte resolutiva:**2.8471.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS (SICTED) NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTES. 2025059956-2025033864)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/diHPRDFcCMTsSbeZOg9Fl1927OhUtPwZPpZZ4nzUKcNWIBi8>

O Servizo de Turismo Rías Baixas leva traballando neste proxecto (SICTED) desde 2005, sendo, polo tanto, dos destinos máis veteranos e o destino con maior número de servizos turísticos distinguidos de toda España. Actualmente, a Deputación de Pontevedra está adherida ao SICTED como destino: *Provincia de Pontevedra-Rías Baixas* baixo o paraugas de Turismo de Galicia, que en marzo de 2015 asinou un acordo de colaboración coa Secretaría de Estado de Turismo, para promover, difundir e apoiar, a implantación de sistemas de Calidade Turística na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a Deputación, resulta unha oportunidade única para consolidar o destino como un referente en materia de calidade turística para os nosos visitantes e conseguir así, mellorar o noso posicionamento como destino turístico de



calidade, sendo, a calidade turística, unha das liñas de actuación recollidas no novo Plan Estratéxico *Estratexia Rías Baixas 61*, e recollida dentro do eixo 3 *Rías Baixas Sostibles* e enmarcada dentro da actuación *Excelencia Rías Baixas*.

As actividades do servizo de turismo e esta en concreto, baséanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, en tanto que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra, así como no 109 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Os traballos a realizar obxecto do contrato son necesarios para a prestación dun servizo que é competencia do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra e para o seu desenvolvemento require de medios materiais e persoais coa cualificación axeitada e con experiencia na súa realización. O servizo de Turismo non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do contrato como son a implantación e desenvolvemento do sistema de calidade turística, xa que se trata de traballos que conlevan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir ao non contar cos medios necesarios e onde interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular.

Á vista de todo o exposto pola Deputada Delegada de Turismo ditouse providencia de inicio con CSV (9HFNGTCHBVWULNO8) pola que se solicita a contratación do servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra.

Tendo en conta que, con data 14 de xullo de 2025 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con CSV: UGPP0UHW73M9034X.



Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O obxecto do contrato será financiado con cargo ás aplicacións que serán, no seu caso, a 26/433.4320.227.06, 27/433.4320.227.06 e 28/433.4320.227.06 dos orzamentos de 2026 (188.623,03 €), 2027 (198.550,56 €) e 2028 (9.927,53 €). Non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a adxudicación do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste contrato, o cal se sinala expresamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 19/12/2024, con CSV: TSPN27ZOFFC4U57I.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 19 de agosto de 2025, no que se establecen as seguintes observacións e recomendacións:

“Nos criterios avaliados mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é tan elevado e que, ao mesmo tempo, son un tanto imprecisos, fai difícil a posterior comparación entre as ofertas polo que, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.

Ademais, dado que os demais criterios automáticos (distintos do prezo) teñen, ou tenden a ter, límite de saciedade, sería aconsellable unha modificación da puntuación á baixa de ditos criterios e/ou recoméndase constituír un comité de expertos. De acordo coa sentenza do Tribunal Supremo de 5 de marzo de 2024 (recurso núm. 7797/2020): “El establecimiento de los umbrales de saciedad habrá de justificarse en el expediente en relación con las prestaciones que constituyan el objeto del contrato y respetar las disposiciones legales sobre criterios de adjudicación y los principios en materia de contratación pública”. Neste sentido, o Tribunal Catalán de Contratos do Sector Público, considerou en varias ocasións que o uso de limiares de saciedade altera de facto o peso dos criterios de valoración subxectiva en tanto que estes devenen decisivos, esixindo en ditos casos, a intervención do comité de expertos (resolucións 389/2020, de 2 de decembro, e 202/2022 de 14 de setembro)”.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra.



O prazo total de duración do contrato estenderase desde a formalización do mesmo ata o 31 de marzo de 2028 (correspondéndose con dous ciclos anuais) con posibilidade dunha prórroga de dous ciclos anuais (27 meses) debendo estar aprobada a prórroga antes do 30/12/2027.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas con CSV: V8C2O0KFAVEQ0AZS e de prescricións técnicas con CSV: 1DKDE7DLFU0J405N que reixerán en dito procedemento coma lei fundamental do contrato.

3.- Autorizar o gasto por importe total de 397.101,12 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2026 - Asistencia técnica para obtención de distintivos (1º ano)	26/433.4320.227.06	188.623,03 €
2027 - Asistencia técnica e acto de entrega distintivos (1º ano) e Asistencia técnica para obtención de distintivos (2º ano)	27/433.4320.227.06	198.550,56 €
2028 - Asistencia técnica e acto de entrega distintivos (2º ano)	28/433.4320.227.06	9.927,53 €
TOTAL		397.101,12 €

Dado que se trata dunha tramitación anticipada, o gasto quedará condicionado á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

4.- Nomear como responsable do contrato á Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas.

5.- Delegar na Presidencia:



- A realización dos requirimentos e demais trámites previstos nos artigos 150 e 151 da LCSP, previa aceptación da clasificación das propostas que efectúe a mesa de contratación.

6.- Delegar, por razóns de celeridade, na Xunta de Goberno provincial:

- A incoación do expediente de resolución do contrato. O Pleno resérvase, no seu caso, o acordo de resolución.
- A incoación e resolución das incidencias, que se produzan na execución do contrato que non conleven a resolución do mesmo, en particular as relativas ao incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións que poidan ser obxecto da imposición de penalidades.
- Os demais actos de trámite que conleven a adxudicación e execución do contrato.

7.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

3.8472.- **SOLICITUDE DUN FUNCIONARIO INTERINO QUE PRESTA SERVIZOS NO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS PARA O EXERCICIO DUNHA SEGUNDA ACTIVIDADE NO SECTOR PRIVADO (EXPTES. 2025059957-2025059871)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/D5VYAqT32v3m1h09YFJ2lFrI4ya mDYpQFDECoAIhkzVfhMeE>

Visto o informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación de data 1 de setembro de 2025, que textualmente di:

“ANTECEDENTES

1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra o 29 de agosto do 2025, Don Jesús Seijas Silva, con DNI nº ***1858**, funcionario interino como condutor maquinista de infraestruturas no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicita autorización con efectos do 01/09/2025 para compatibilizar o



desempeño do seu posto de traballo cunha segunda actividade no sector privado como autónomo, realizando funcións de elaboración e produción vitivinícola.

Así mesmo, declara que a súa actividade como autónomo será realizada nun horario que non interfira co desenvolvemento da súa función pública e en todo caso cun horario inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Deputación.

2º.- O posto de traballo que desempeña no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra ten asignada unha retribución bruta mensual con todos os conceptos prorrateados de 2.400,97 €.

3º.- O interesado percibe un complemento específico de 776,39 €/mes, que supera o 30% das retribucións básicas excluída a antigüidade (274,23 €/mes), polo que renuncia á percepción desta cantidade.

4º.- Este recoñecemento non pode afectar á xornada e horario de traballo establecido no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de 7:45 a 15:15 horas de luns a venres.

CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1º.- Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2º.- Real Decreto 598/85, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.

3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se atribúe ao Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.

4º.- Segundo o artigo 11 da Lei 53/84, do 26 de decembro e artigo 9 do Real Decreto 598/85, do 30 de abril, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado. Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.

5º.- De acordo co disposto no artigo 12.2 da Lei 53/84, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, soamente poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como prestación a tempo parcial.



6º.- Tal e como sinala o artigo 14 da Lei 53/84, o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas.

Este recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

7º.- O artigo 16 da Lei 53/84, en redacción dada pola disposición final terceira do Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, indica que non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

Así mesmo, o apartado 4 do citado precepto recolle de forma literal que “por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1º. 3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade”.

8º.- A actividade que desenvolve o interesado no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais non está incluída en ningún dos supostos que contempla o artigo 11 do RD para o non recoñecemento da compatibilidade.

9º.- A Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia determina que entremetres non se introduza o complemento retributivo do posto de traballo previsto por esta lei, todas as referencias a este último se entenderán feitas ó complemento específico existente á entrada en vigor da mesma, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

Así mesmo indica, no apartado dous, que entremetres non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto pola presente lei, poderá recoñecerse, conforme ó disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de



actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade.

No suposto de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade sempre e cando a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

CONCLUSIÓN

En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente propónse conceder a Don Jesús Seijas Silva, con efectos do 1 de setembro de 2025, a compatibilidade solicitada para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado como autónomo dedicado á elaboración e produción vitivinícola, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva do interesado por un tempo inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Deputación.

Como consecuencia, deixará de percibir o importe do complemento específico.”

Considerando o exposto no informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación de data 1 de setembro de 2025, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP, e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Conceder autorización ó funcionario interino, Don Jesús Seijas Silva con efectos do 1 de setembro de 2025, para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como condutor maquinista de infraestruturas adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector privado como autónomo dedicado á elaboración e produción vitivinícola, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva do interesado por un tempo inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Deputación.

Como consecuencia, deixará de percibir o importe do complemento específico.

4.8473.- MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN DUN CARGO POLÍTICO PASANDO DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á PARCIAL E A



DETERMINACIÓN DAS SÚAS RETRIBUCIÓN (EXPTES. 2025059959 - 2024069258)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/rwjn64nSovgeAIW6jDQ9xExaNt1aMWSN5IR5Njs2GuXi2IK>

Dada conta da Proposición da Presidencia de data 29 de agosto de 2025 na que propón ó Pleno a modificación da relación de cargos políticos que teñen asignado o réxime de dedicación exclusiva e parcial para os efectos de pasar unha dedicación exclusiva a parcial do 79%, quedando esta última, incluído o 0,5% da revisión salarial, cunha retribución anual cifrada en 56.310,94 euros.

En virtude do disposto nos artigos 75 e 75 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e 13 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP, e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Modificar o réxime de dedicación dun cargo político da Corporación Provincial, pasando de dedicación exclusiva a parcial do 79%, cunha retribución anual en 56.310,94 €.

Esta modificación terá efectos dende a data de aceptación do cargo.

O nomeamento para este cargo deberá ser aceptado expresamente, tal e como dispón o citado artigo 13 do ROF. De ser así terá que comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

O custo laboral total anual ascende a 56.310,94 €, en concepto de retribucións, e a 18.571,35 € en concepto de cota patronal á seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 25/900.9120.100.00 e 25/900.9120.160.01.



Unha vez aprobado o cambio, corresponde ó Presidente o nomeamento do membro da Corporación que pasará a desempeñar o cargo a tempo parcial.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 75 da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación, en cumprimento do estipulado no artigo 8.1 f) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

5.8474.- **MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS E RECTIFICACIÓN DE ERRO NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO SERVIZO DE COOPERACIÓN (EXPTES. 2025059960 - 2024069258)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/14PAfknqMNeWOsVgioAR5ctSZJLuG6nA40JeH0yDODcAeJAq>

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 27/12/2024, aprobase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2025, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario, laboral, eventual e directivo.

Resultando que en data 23/07/2025 o deputado delegado de persoal propón modificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 27/12/2024, co obxecto de introducir os cambios que se detallan a continuación:

1. Transformación dunha praza de enxeñeiro/a informático/a, do subgrupo A1, nunha praza de técnico/a en sistemas e tecnoloxías da información do subgrupo A2.

No cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Pontevedra figuran dúas prazas clasificadas no subgrupo A1 de informática, unha de enxeñeiro/a informático/a e outra de informático/a técnico/a de sistemas, as dúas encadradas na escala de administración especial, subescala técnica, clase superior. A primeira atópase vacante, foi ofertada no ano 2016 na quenda reservada á promoción interna e non chegou a convocarse no prazo previsto



legalmente, e a segunda, pertence a un funcionario de carreira actualmente en situación administrativa de servizos especiais.

Ditas prazas están asociadas, unha a un posto de traballo de xefatura de Servizo de Novas Tecnoloxías, actualmente vacante, e a outra a un posto de coordinador/a informático/a de aplicativos de catalogación adscrito ao Servizo de Novas Tecnoloxías e reservado á persoa que está en servizos especiais.

O posto de xefatura de Servizo estivo ocupado dende o ano 2016 en comisión de servizos, cun funcionario pertencente ao subgrupo A2, excedéndose do tempo máximo permitido para a cobertura provisional do posto.

Neste momento no cadro de persoal non existe ningún funcionario do subgrupo A1 con praza de informático que poida asumir de forma definitiva o desempeño do posto de xefatura de Servizo polas canles regulamentarias.

Polo tanto, co obxecto de poder regularizar esta situación procede transformar a praza de enxeñeiro/a informático/a, clasificada no subgrupo A1, nunha praza de técnico/a en sistemas e tecnoloxías da información, do subgrupo A2, praza que estaría vinculada ao posto de traballo de xefatura de Servizo de Novas Tecnoloxías, nivel 26 e co réxime de dedicación dentro do complemento específico.

Esta modificación fundaméntase na potestade de autoorganización da corporación provincial e a necesidade de optimizar os recursos humanos existentes, adaptando os postos de traballo á realidade funcional e organizativa, para así poder manter a operatividade do Servizo e asegurar o seu funcionamento ante a imposibilidade inmediata de cobertura definitiva da praza do subgrupo A1 con persoal propio.

2.Rectificación de erro na RPT do Servizo de Cooperación, na escala de adscrición de dous postos de traballo e nun subgrupo de clasificación.

Na relación de postos de traballo adscritos ao Servizo de Cooperación advertiuse un erro na escala de adscrición dun posto do subgrupo A1, así



como no subgrupo de clasificación doutro posto de traballo, polo que se procede á súa rectificación.

Neste sentido, no posto de adxunto/a á xefatura do Servizo de Cooperación, na columna relativa á adscrición, onde di: “AE” (Administración especial) debe dicir: “AX” (Administración xeral).

Así mesmo, no posto de técnico de proxectos europeos integrado neste Servizo, na columna relativa ao grupo de clasificación, onde di “A2”, debe dicir “A1”.

Dita rectificación afecta unicamente á publicación da RPT no BOPPO, figurando correctamente os datos na documentación do orzamento.

Resultando que a modificación que se propón supón unha redución do custo laboral total, ao transformarse unha praza do subgrupo A1 nunha praza do subgrupo A2 e un posto de traballo de xefatura de Servizo de NN'TT, dotado co nivel 29 de complemento de destino e co factor dedicación dentro do complemento específico, nun posto de xefatura de Servizo de nivel 26 e con dedicación, pasando a retribución anual de 68.919,89 € a 51.032,42 €.

Resultando que dita transformación considerase necesaria para poder proceder á provisión do novo posto de traballo de xefatura de Servizo de forma definitiva mediante convocatoria pública entre os funcionarios de carreira da Deputación Provincial do subgrupo A2, ao non existir nestes momentos ningún funcionario do subgrupo A1 que poida optar a dito posto.

Resultando que en data 28/08/2025 reuniuse á Mesa xeral de negociación, na que se expón a proposta da Administración e explícanse as modificacións que se introducen no cadro de persoal e nas relacións de postos de traballo a tenor da documentación entregada xunto coa convocatoria.

Considerando que a través deste expediente o deputado delegado de persoal propón ao pleno da Corporación Provincial a modificación da RPT do Servizo de Novas Tecnoloxías co obxecto de transformar unha praza do subgrupo A1 nunha praza do subgrupo A2, da escala de administración especial e vinculada ao posto de traballo de xefatura de Servizo, por non existir persoal funcionario do subgrupo A1 que poida pasar a desempeñalo de



forma definitiva; ademais dunha corrección de erros na publicación da RPT do Servizo de Cooperación con respecto á adscrición dun posto e o grupo de clasificación doutro.

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario que se propón fundaméntase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades dos servizos. A rectificación de erros tramítase ao amparo do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que conforme ao indicado no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel, e neste sentido o artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, precisa que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva, debendo non obstante terse en conta o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego



público de Galicia, que fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días.

Considerando canto antecede, vistos os informes que obran no expediente, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, modificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial adscritos aos Servizo de Novas Tecnoloxías e Cooperación, co obxecto de introducir os seguintes cambios:

1. Amortizar no cadro de persoal funcionario unha praza de enxeñeiro/a informático/a, clasificada no subgrupo A1, integrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, ao tempo que se amortiza un posto de traballo de xefatura do Servizo de Novas Tecnoloxías, dotado co complemento de destino do nivel 29 e específico co réxime de dedicación.
2. Crear no cadro de persoal funcionario unha praza de técnico/a en sistemas e tecnoloxías da información, do subgrupo A2, integrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase media, ao tempo que se crea un novo posto de traballo de xefatura do Servizo de Novas Tecnoloxías, dotado cun complemento de destino do nivel 26 e un complemento específico co factor dedicación.
3. Rectificar os erros detectados na RPT do Servizo de Cooperación respecto á adscrición dun posto de traballo e o grupo de clasificación doutro, nos seguintes termos:
 - No posto de adxunto/a á xefatura do Servizo de Cooperación, na columna relativa á adscrición, onde di: “AE” (Administración especial) debe dicir: “AX” (Administración xeral).
 - No posto de traballo de técnico/a de proxectos europeos, na columna relativa ao grupo de clasificación, onde di “A2”, debe dicir “A1”.

6.8475.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA
ACTUACIÓN: “URBANIZACIÓN DE PRAZA**



**PÚBLICA” PRESENTADO POLO CONCELLO DE
FORNELOS DE MONTES AO ABEIRO DO PLAN
PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA
(EXPTES. 2024075865 - 2025061103)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/DiYDlfO5cQ1nDgLhfB8rhCg8fz/TEK9KzUIFrXn2xV8xv18J>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo núm. 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Fornelos de Montes con destino á execución da actuación denominada “Urbanización de Praza Pública”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
O custo total da actuación ascendía a 331.582,30€ e a subvención



concedida a 281.844,95€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 49.737,35€.

- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025003613 de 07/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Fornelos de Montes, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/06/2025.
- Na data 18/07/2025 o Concello de Fornelos de Montes presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro 2025014725), a aprobación do proxecto reformulado xunto coa autorización sectorial de Augas de Galicia. Posteriormente, na data 21/07/2025 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro 2025014779) o proxecto técnico reformulado do inicial, e un informe do arquitecto redactor do mesmo, así como un informe do arquitecto municipal sobre a innecesidade de solicitar unha nova autorización a Augas de Galicia o día 28/08/2025 (núm. rexistro 2025016844). Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense a requirimentos populares que levaron á reformulación de decisións: Redución da superficie de pavimento de formigón semipulido a un lateral da praza. Na zona central substituírse por pavimento de tepes e de lousa de granito; Inclusión dunha nova rede de rego para o pavimento de tepes; Traslado dunha rampla central entre ambos niveis da praza ó lateral da actuación e reordenación das redes de servizos situadas no muro de separación entre ambos niveis da praza.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 04/08/2025 (CSV: YBA7UK0VAD1DYG8T), e unha aclaración respecto das correccións requiridas ao Concello no proxecto reformulado con data 28/08/2025 (CSV: 3UZXXZPLQT15LU373).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 26/08/2025, conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos aspectos técnicos, así como que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de



valoración fixados nas bases da convocatoria.

- O día 28/08/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: RO7VSRDGK4F5ENNT).
- Na data 01/09/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: 5SST8VX8Z3T5O7KV).
- O día 02/09/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: ZCK1CQFL2CJHG4Q2).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27/12/2024 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Fornelos de Montes para a execución da actuación denominada “Urbanización de Praza Pública” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a



entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.

- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver



- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Fornelos de Montes para a execución da actuación denominada “Urbanización de Praza Pública”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación “Urbanización de Praza Pública” presentado polo Concello de Fornelos de Montes ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.



- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Fornelos de Montes, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.8476.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “PROXECTO DE REFORMA E POSTA EN VALOR DE PAZO TORRADO E XARDÍNS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (EXPTES. 2024076252 - 2025061104)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/rW7PH2xWNshnrqpvz01QIXDxOdMLmCEPeuJKWgq5tKpg4t6G>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo núm. 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de



07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Cambados con destino á execución da actuación denominada “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 791.976,61€ e a subvención concedida a 593.982,46€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 197.994,15€.

- Mediante o acordo núm. 5.35020 de 04/04/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1- Investimentos, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 197.994,15 € ao Concello, con obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “Proxecto de reforma e posta en valor do pazo Torrado e Xardíns” (expediente: 2025016997), polo que a Deputación financia a totalidade do investimento.
- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025003582 de 06/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cambados, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 17/06/2025.
- Nas datas 22/07/2025 (núm. rexistro WEB2025054071), 06/08/2025 (núm. rexistro WEB2025057281), 08/08/2025 (núm. rexistro WEB2025057664), e 14/08/2025 (núm. rexistro WEB2025058688) o Concello de Cambados presenta un proxecto reformulado do proxecto inicial, os ditames da Comisión Técnica do Patrimonio Histórico, o Informe Patrimonial sobre bens culturais catalogados, o informe de supervisión do proxecto, un informe técnico e a aprobación do proxecto reformulado. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense a requirimentos recollidos no informe de patrimonio, que se materializaron nos seguintes cambios: Eliminación do uso de perfilaría metálica en favor do mantemento das vigas de madeira, que se tratarán contra termitas e carcoma e inclusión dun novo pavimento de baldosa na zona baixo cuberta.



- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 11/08/2025 (CSV: QFX5GSTJM20D4VEE).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 26/08/2025, conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos aspectos técnicos, así como que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 26/08/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: JWIVT5MQJO2NKDE).
- Na data 02/09/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: UHBARRF4NNFO0MQL).
- O día 02/09/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: YF37T7IMT1DTABNF).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu



- Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
 - Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
 - Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
 - Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
 - Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
 - Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27/12/2024 (OXSDPPO).
 - Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
 - Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
 - Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cambados para a execución da actuación denominada “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou



ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en



concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Cambados para a execución da actuación denominada “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns” presentado polo Concello de Cambados ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Cambados, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.8477.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN: “MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE DA NATUREZA DA RÍA BAROSA. CONCELLO DE BARRO (PONTEVEDRA)” PRESENTADO POLO CONCELLO DE BARRO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA (EXPTES. 2024077046 - 2025061105)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/PDR0ixUNqs7p6MGAKxlYP66Sal oAfkHYyZ3MwXPidxIB7W7U>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na



sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo núm. 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...)Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Barro con destino á execución da actuación denominada “Mellora dos Accesos ao Parque da Natureza da Ría Barosa. Concello de Barro (Pontevedra)”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 432.040,79€ e a subvención concedida a 367.234,67€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 64.806,12€.

- O día 04/04/2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra concedeulle ao Concello unha subvención por importe de 64.806,12 euros, co obxecto de financiar a achega municipal do investimento “*Mellora dos accesos ao parque da natureza da Ría Barosa. Concello de Barro*”, con cargo ao Plan +Provincia 2025 liña 1.
- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025004028 de 16/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Barro, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/06/2025.
- Na data 23/07/2025 o Concello de Barro presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025054269), a aprobación do proxecto reformulado. Posteriormente, na data 24/07/2025 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025054502) o proxecto



técnico reformulado do inicial, e as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e de Patrimonio. Con respecto á autorización sectorial da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, pertencente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, consta solicitude por parte do Concello no expediente (núm. rexistro WEB2024073214). Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense a requirimentos de Patrimonio que levaron á reformulación de decisións. Estes cambios comprenden: Creación dunha franxa verde ó longo da marxe dereita, cambios de pavimento de formigón ocre a xabre estabilizado en varias zonas, e, no que respecta á praza previa á Fervenza, cambio de pavimento de formigón gris por formigón ocre e reordenación das lousas.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 28/07/2025 (CSV: OQBSHRRKXBHL7D1W).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 26/08/2025, conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos aspectos técnicos, así como que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 26/08/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 7SZO0JSE911G007S).
- Na data 01/09/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: 74SGP8RT67IUI7CQ).



- O día 02/09/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: TM8XFZ4EZQRHZE57).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Barro para a execución da actuación denominada “Mellora dos Accesos ao Parque da Natureza da Ría Barosa. Concello de Barro (Pontevedra)” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.



Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrència competitiva a



modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Barro para a execución da actuación denominada “Mellora dos Accesos ao Parque da Natureza da Ría Barosa. Concello de Barro (Pontevedra)”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.



O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación “Mellora dos Accesos ao Parque da Natureza da Ría Barosa. Concello de Barro (Pontevedra)” presentado polo Concello de Barro ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

A aprobación do devandito proxecto técnico reformulado queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Demarcación de Carreteras en Galicia, pertencente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Barro, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.8478.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-9704 IGREXA DE CALEIRO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+100 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA. DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN E MOTIVACIÓN DA URXENCIA (EXPTES. 2025031795 – 2025018207)**

Acceso ás intervencións:



<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/G88MFYi2kuOOpmuk66VthBdEhMD5rlgWZW43o0K6fbmE1KlB>

Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP-9704 Igrexa de Caleiro, do PQ 0+000 ao PQ 0+100 (Concello de Vilanova de Arousa)”. O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Vilanova de Arousa.

A actuación consiste na creación dun itinerario peonil entre o PQ 0+000 e o PQ 0+100 da EP-9704. Concretamente, as actuacións propostas teñen por finalidade a execución dun treito de beirarrúa na estrada EP-9704 Igrexa de Caleiro, demolendo a parte de pavimento que sexa preciso para o caixeadado da beirarrúa e executando unha beirarrúa de ancho variable e ancho mínimo 2,5 metros, cun pavimento de 15cm de formigón incluso mallazo, executado sobre 20cm de saburra artificial, e cun bordo de formigón.

Executarase ademais unha nova rede de drenaxe con tubaxe de PVC de diámetro 400 cos respectivos pozos e sumidoiros. Instalarase canalización soterrada para alumeado público e renovarase a capa de rodaxe da calzada, previo fresado da existente, executando o paquete completo de firme de MBC nas zonas de aparcadoiro onde non había firme anteriormente. Por último renovarase a sinalización no treito afectado.



O orzamento das obras proxectadas ascende a oitenta e un mil trescentos sesenta e cinco euros con oitenta e sete céntimos (81.365,87€). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímase en cinco mil oitocentos corenta e un euros con corenta e seis céntimos (5.841,46€).

2. O Concello de Vilanova de Arousa aprobou, mediante Decreto de Alcaldía de data 31 de marzo de 2025, un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 9 de maio de 2025.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados finánciase integramente polo Concello de Vilanova de Arousa.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSTRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da lei do solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).



- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV) 8R6PG9V0CM2FYC19 redactado polo enxeñeiro Jaime David Ruibal de Sola.
- No anexo 10 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 02/04/2025, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do director de Infraestruturas de 03/04/2025 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación e notas simples positivas do Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa de 29 de maio de 2025, con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 24 de xullo de 2025, no que se fai constar os propietarios resultantes das referencias catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.



O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares” (artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo director de Infraestruturas de 3 de abril de 2025 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que na zona de actuación, actualmente o treito da estrada é de dobre sentido de circulación e sen beiravías nin beirarrúas na marxe esquerda, o que afecta á seguridade dos usuarios da vía e provoca que se creen situacións de perigo cos vehículos e peóns que discorren por ela.

Para eliminar esta zona perigosa existente na que os peóns camiñan pola calzada, vese necesario por seguridade viaria executar un itinerario peonil que discorra pola marxe esquerda da estrada que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 2 parcelas de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación para tódolos usuarios da vía”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:



“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública régulanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:



- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:
- 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
- 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación (artigo 21.1 LEG)”.
- “2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:
- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o exixido na lexislación de contratos do sector público.
- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación



en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12/02/2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considerase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva corresponderíalle á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación,



estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considerase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico”.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13/08/2024. O Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 14 de agosto de 2025.

Polo indicado, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na EP-9704 Igrexa de Caleiro, do PQ 0+000 ao PQ 0+100 (Concello de Vilanova de Arousa)” cun orzamento de 81.365,87€ e 5.841,46€ en concepto de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.



Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

NÚM. PARCELA	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BENS AFECTADOS
1	36061A025004030000LY	170,58	170,58 m ² de plantas e arbustos de diferentes variedades. 10,03 m ² de soleira de formigón para aparcamento.
2	36061A025004040000LG	68,62	68,62 m ² de plantas e arbustos de diferentes variedades.

10.8479.- **APROBACIÓN DO PROXECTO “A.W.A.V.E.S: ATLANTIC WAVES FOR ADVANCING VISIONARY, EQUITABLE AND SUSTAINABLE TOURISM AND HERITAGE” CONCEDIDO POLO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSNACIONAL ESPAZO ATLÁNTICO 2021-2027 (EXPTE. 2025006153)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/TDRFuhLFhgn1lSCAg05YktIhConww9EpyBjr4vyZE6NjOJKF>



Visto o ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital do día 5 de setembro de 2025, en relación coa aprobación do proxecto “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage”, cuxo texto di como segue:

I. “ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 abriu a súa terceira convocatoria de proxectos o 25 de novembro de 2024 ata o 14 de febreiro de 2025, e os proxectos seleccionados serán cofinanciados e reembolsados ata un 75% polo FEDER.

A convocatoria ten como obxectivo seleccionar proxectos transnacionais, con socios participantes de España, Francia, Irlanda e Portugal, de alta calidade, nos que as organizacións relevantes traballen de forma conxunta para axudar ás rexións para afrontar desafíos comúns.

Esta convocatoria contaba cunha asignación de 43 millóns de euros para tres prioridades temáticas e sete obxectivos específicos incluídos no Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027.

Neste marco, a Deputación de Pontevedra aposta por afondar, mediante o desenvolvemento de novas accións, o turismo sostible e rexenerativo así como a cultura azul no Espazo Atlántico, para potenciar o papel da cultura e o turismo no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social. Por outro lado, decide facelo a través do traballo conxunto con outros socios de outros países para o intercambio de boas prácticas e a procura de sinerxias e complementariedades na abordaxe da cultura e turismo marítimo asociado ao océano atlántico. Sobre estes fundamentos, a Deputación de Pontevedra lidera, en calidade de beneficiario principal e coordinador, o desenvolvemento de solicitude do proxecto “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage”.

Da cordo cos criterios de elixibilidade da convocatoria, as solicitudes de proxectos deben involucrar como mínimo a catro socios de cada un dos catro países e das rexións elixibles que conforman o programa. A este respecto, o proxecto conta con 9 socios que se relacionan a continuación:

- Deputación de Pontevedra.
- ASSOCIATION CORLAB PLUS - Radio Boa (Francia).
- Associacao VVG/ZGDV - Centro de Computação Gráfica (Portugal).



- Municipio de Viana do Castelo (Departamento de Planeamento Estratégico) (Portugal).
- Ville de Biarritz (Francia).
- Bretagne Culture Diversité/Sevenadutiou (Francia).
- Universidade de Vigo (España).
- ADCA - Agência para o Desenvolvimento da Cultura nos Açores (GP- Gestão de Projectos) (Portugal).
- European Regions Network for the Application of Communications Technology (N/A) ERNACT (Irlanda).

E con dous socios asociados:

- Turismo de Galicia.
- Arousa Moza.

Os socios asociados non reciben axuda FEDER.

- Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001134, de data 13/02/2025 aprobouse a presentación do proxecto denominado “A.W.A.V.E.S: Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage” á terceira convocatoria do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027, financiado ao 75% polo FEDER.
- En data 08/07/2025 recíbese a comunicación (por email) de aprobación da solicitude de proxecto EAPA_0073/2024 – AWAVES aprobada polo Comité de Seguimento do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 do 3 de xullo de 2025.
- O obxecto do proxecto e as actuacións a desenvolver no marco do mesmo cuxo detalle figura na memoria descritiva son as seguintes:

WP1. Mapeado do Patrimonio Atlántico: identificación do patrimonio tanto material como inmaterial que será recollido e sistematizado nunha plataforma dixital de carácter interactivo.

WP2. Experiencias sensoriais e de inmersión relativas ao mar: desenvolvemento de rutas sensoriais e intercambios de coñecemento coas persoas do mar para experimentar máis de preto a cultura e patrimonio atlántico.

WP3. Innovación navegable: dedicado a promover a transmisión do patrimonio cultural marítimo dende unha perspectiva interxeneracional a través da realización de escolas itinerantes, un podcast sobre a cultura marítima e un hackathon.

- O orzamento do proxecto A.W.A.V.E.S presenta un coste total elixible que ascende a 1.703.212€ e a súa desagregación por socio e custe subvencionable detállase na seguinte táboa:



PARTNER	COSTE TOTAL SUBVENCIONABLE	AXUDA FEDER	COFINANCIA CIÓN
Diputación de Pontevedra	500.121,00	375.090,75	125.030,25
ASSOCIATION CORLAB PLUS – Radio Boa	66.000,00	49.500,00	16.500,00
